

NOTA

PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL SEGADORES DA ÓRREA EN TERRAS DE CASTELA. Unha historia de heroes

Data: 24/06/2025

Título: PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL. SEGADORES DA ÓRREA EN TERRAS DE CASTELA.
Unha historia de heroes

Hora: 11 h

Lugar: Seminario 103. CISPAC, Edificio Fontán. Cidade da Cultura de Galicia



O Grupo de Investigación HISTAGRA organiza, en colaboración co CISPAC, a proxección de “Segadores da Órrea en terras de Castela. Unha historia de heroes”, un documental producido pola Asociación de Veciñas e Veciños de Santa Comba da Órrea. A peza audiovisual é un documental etnográfico que recupera a memoria dun fenómeno histórico, social, cultural e antropolóxico que se prolongou en Galicia durante máis de 300 anos —desde o século XVII ata os anos 60 do século pasado—. A historia é contada a través das voces de 31 homes e mulleres que viviron en primeira persoa aquela experiencia: a emigración estacional ás segas de Castela. Un relato coral e profundamente emotivo que rende homenaxe a unha xeración marcada pola dureza do traballo agrícola e o desarraigamento temporal das súas terras de orixe. A proxección da peza audiovisual terá lugar no Seminario 103 do CISPAC ás 11h.

Máis Información:

<https://histagra.usc.es/es>

histagra@usc.es. Tel. 881971010, ext. 100